



11. Control da Triquina



Documento principal

ANÁLISE TRIQUINOSCÓPICO

DOCUMENTACIÓN BÁSICA PARA O MOSTREO

PROCEDEMENTO ANALÍTICO

RESULTADO POSITIVO OU DUBIDOSO



11.1.- ANÁLISE TRIQUINOSCÓPICO

Procederáse a análise e investigación da presenza de larvas de *Trichinella* spp. en carne destinada ao consumo humano de porcino, equino e xabaril. (Reglamento (UE) 2015/1375, de 10/08/2015)

En Galicia existe un sistema de calidade para os laboratorios de investigación de triquina nos matadoiros (Norma UNE-EN ISO 18743 e PNT M100 Revisión 2), polo que xa existe un procedemento regulado e en marcha en cada matadoiro que posúe **ún** destes laboratorios.

11.2.- DATOS BÁSICOS PARA O MOSTREO

Sempre se recollerá unha mostra por cada animal, só de músculo, sen fascias nen tendóns, nunha cantidade aproximada de

- 5g de canais de porcino
- 20g de canais de equinos
- 40g de canais de xabarís

Recollida e preparación das mostras

ESPECIE	GRUPO	MOSTRA DE PREFERENZA	OUTRAS MOSTRAS (no caso de non dispor das anteriores)
PORCOS DOMÉSTICOS	PORCOS DE CEBA	1g pilares diafragma	2g diafragma, maseteros, lingua ou músc. abdominais
	PORCAS DE CRÍA E VERRÓNS	2g pilares diafragma	4g diafragma, maseteros, lingua ou músc. abdominais
EQUINOS		5g lingua ou maseteros	10g pilares diafragma
XABARÍS		10g pata dianteira, lingua ou diafragma	





11.3.- PROCEDEMENTO ANALÍTICO

GRUPO A: peso total da mostra <= 50g	GRUPO B: peso total da mostra >50g ata 100g*
Homoxenizar a mostra coa picadora	Homoxenizar a mostra coa picadora
Engadir 1L de auga ao vaso de precipitados	Engadir 2L de auga ao vaso de precipitados
Colocar no axitador-calefactor ata 45°C	Colocar no axitador-calefactor ata 45°C
Engadir 8 ml de ácido clorhídrico 25%	Engadir 16ml de ácido clorhídrico 25%
Engadir 5g de pepsina	Engadir 10g de pepsina
Engadir a carne picada	Engadir a carne picada
Estabilizar a 45°C de novo	Estabilizar a 45°C de novo
Tempo de dixestión: <ul style="list-style-type: none">• 30 min para porcino• 45 min para equino• 45 min para xabaril	Tempo de dixestión: <ul style="list-style-type: none">• 30 min para porcino• 45 min para equino• 45 min para xabaril
Verquer o líquido da dixestión ao vaso de decantación a través do tamiz	Verquer o líquido da dixestión ao funil de decantación a través do tamiz
Sedimentación 30 min	Sedimentación 30 min
Pasar 40ml ao funil de decantación e deixar 10 min	Pasar 40ml ao funil de decantación e deixar 10 min
Traspasar 10ml á cubeta de cómputo, baleirar o funil e engadir outros 10ml de auga	Traspasar 10ml á cubeta de cómputo, baleirar o funil e engadir outros 10ml de auga
Observación no triquinoscopio a 15- 60X	Observación no triquinoscopio a 15- 60X
* Nunca sobrepasar os 115g en porcos e os 100g en xabarís	

<https://vetmaga.sergas.gal/Contidos/Fichas-explicacion-procedementos>



11.4.- RESULTADO POSITIVO OU DUBIDOSO

PORCINO: Nova mostra mínimo de 20g/porco ata 100g (5 porcos en cada dixestión do grupo B). O/s grupo/s positivo/s analizaranse individualmente (20g/porco) polo método grupo A ata a identificación individual do/s animal/ais positivo/s.

EQUINO E XABARIL: Tomarase unha mostra de 50g de cada animal para o seu análise individual polo grupo A.

As partes dos animais positivos deberán ser marcadas e eliminadas como material de categoría 2.

As larvas illadas enviaranse o antes posible ao laboratorio de Saúde Pública de Galicia refrixeradas nun recipiente con alcohol etílico ao 90%

As mostras de músculo dos animais positivos tamén se enviarán en refrixeración.

INCIDENCIA	ACTUACIÓN	Comunicación
PORCINO Resultado positivo ou dubidoso	Nova mostra mínimo de 20g/porco ata 100g (5 porcos en cada dixestión do grupo B). O/s grupo/s positivo/s analizaranse individualmente (20g/porco) polo método grupo A ata a identificación individual do/s animal/ais positivo/s. Inmovilización da partida ata o illamento dos posibles positivos	Operador del matadero Laboratorio de saúde pública de Galicia Xefatura Territorial
EQUINO E XABARIL:	Tomarase unha mostra de 50g de cada animal para o seu análise individual polo grupo A. Inmovilización da partida ata o illamento dos posibles positivos	Operador del matadero Laboratorio de saúde pública de Galicia
PORCINO, EQUINO E XABARIL: Resultado positivo confirmado en matadoiro	As larvas illadas enviaranse o antes posible ao laboratorio de Saúde Pública de Galicia refrixeradas nun recipiente con alcohol etílico ao 90% As mostras de músculo dos animais positivos tamén se enviarán en refrixeración. As partes dos animais positivos deberán ser marcadas e eliminadas como material de categoría 2.	Laboratorio de saúde pública de Galicia Xefatura Territorial



Non trazabilidade ou trazabilidade incorrecta das canles mostreadas	Dictamine de non apta para consumo	
Liberar canais ao mercado sin dispoñer do resultado negativo do ensayo analítico	Acta de comunicación inmediata o obxeto de poder inmovilizar as canais comercializadas.	Operador económicos Xefatura Territorial